

Boletín Informativo da Biblioteca Fina Casalderrey e EDLG

PROXECTO:


"Comer e estudar todo é comezar"

CEP PLURILINGÜE
IGREXA-VALADARES


DECEMBRO 2019



Nº 10



LIBROS MÁIS LIDOS










Neste trimestre, os libros que máis éxito tiveron foron:
En terceiro lugar: "La guerra del bosque"; en segundo lugar: "La canción del parque" e o libro campión "Star Wars: una nueva esperanza".

CLUB DE LECTURA


Estes foron os libros que se leron no club de lectura, LKTL, ao longo deste trimestre: "Belleza Vermeja", "La hija de la española" e próxima-mente La sospecha de Sofía.
CONVIDÁMOSVOS A TODOS/AS A FORMAR PARTE.



NOVIDADES



NOVAS COLECCIONS




Colaboradores

Biblioteca



Moitas grazas!



ESTE TRIMESTRE PRESENTAMOS...

INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA: O 24 de outubro, inaugurouse a biblioteca escolar. Houbo diferentes actuacións de animación á lectura, así como unha obra de teatro. Como cada ano, o equipo de colaboradores da biblioteca explicoulles aos novos alumnos/as a organización e funcionamento da mesma. Contamos coa presenza do compañeiros e compañeiras da EEIP Monte do Alba.



CONMEMORACIÓNS

MAGOSTO: Como cada ano, ao inicio do mes de novembro, celebramos o Magosto. Este ano, debido ao tempo, tocou celebralo no colexio. Foi unha xornada para xogar e comer castañas asadas.



O SAMAÍN

Como cada ano, o 31 de outubro, celebramos o Samaín. Festa orixinaria do mundo Celta que marca o final da época de recolección e colleitas. Como marca a tradición, tallamos as nosas calabazas e amosámolas nunha exposición.



OUTRAS CONMEMORACIÓNS



SEMANA DO CLIMA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEP P.LUM/LINGUIE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: cepj.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexa/valadares/>

SUMÁMONOS Á SEMANA POLO CLIMA
20-27 SETEMBRO 2019

23	24	25	26	27
MINUTO DE SILENCIO POLA TERRA	TRAER ROUPA VERDE AO COLEXIO	VIDEO FORUM BEFORE THE FLOOD	CREAMOS CARTEIS POLO CLIMA	SÁIMOS Á RÚA, DE VERDE, COS CARTEIS



DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DA INFANCIA: Un ano máis, nestas datas, a través de diferentes actividades, quixemos lembrar os dereitos dos nenos/nas, así como a necesidade de traballar polo seu benestar..



DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: O 25 de novembro participamos en diferentes actividades nas que denunciarnos a discriminación das persoas por razón de xénero.



OBRADOIROS

OBRADOIRO PRIMEIRS AUXILIOS

O 18 de outubro, os neno/as de 4º curso participaron nun obradoiros de técnicas básicas de primeiros auxilios. PROTEXER, ALERTAR E SOCORRER.



OBRADOIRO RECICLAXE

O alumnado de 1º e 2º curso participou da campaña de reciclaxe organizada polo Concello de Vigo “Dinoseto e Dinoseño”. REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR.



OBRADOIRO DEPORTE ADAPTADO

O 18 de outubro, os alumnos/as de 4º e 5º, tiveron sesión de deporte adaptado, organizado por APAM. Os deportes practicados foron: o slalom (circuito de obstáculos) e o boccia (petanca).



OBRADOIRO DE REGUEIFAS

O 4 de decembro, os alumnos/as de 6º curso participaron da arte da tradición oral: as regueifas. Seguindo este modelo compuxeron as súas propias regueifas, tomando como eixo central o tema deste ano: "Comer e estudar todo é comezar".



OBRADOIRO O MONTE É VIDA: O 23 de outubro, os nenos/as de 6º curso asistimos a unha charla moi interesante sobre o medio ambiente. Coñecemos mellor o noso entorno e descubrimos o verdadeiro valor da igualdade nos bosques da zona.



OBRADOIRO LUDOTECA LINGÜÍSTICA

O alumnado de 3º e 4º curso participou en diferentes xogos lingüísticos a través das actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.



CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE:

O 6 de novembro, os nenos/as de 2º curso participaron nun obradoiro sobre igualdade. **MESMOS DEREITOS E OPORTUNIDADES PARA TODOS E TODAS.**

OUTRAS ACTIVIDADES



PLANTACIÓN EN LEMBRANZA DOS INCENDIOS DE 2017

O 15 de outubro, a Comunidade de Montes, agasallounos cun fermoso acivro, que prantamos no patio da escola, para lembrar aquela fatídica data na que arderon os nosos bosques. Moitas grazas!!!!

CHARLA VOLEIBOL

Dentro do Proxecto "Descubriendo o Norte", os nenos e nenas de 5º curso, participaron dunha interesante charla sobre voleibol impartida polo Club Voleibol Vigo.



CHARLA "VACINAS"

Dentro do Proxecto "Descubriendo o Norte", os alumnos/as de 6º curso, tiveron unha interesante charla sobre a importancia das vacinas: prevención de enfermidades na infancia e adolescencia, dirixida por Mercedes Peleteiro, doutora en Bioloxía da Universidade de Vigo.



Con este proxecto, o noso centro participa en actividades con outros colexios da Unión Europea.

TEATRO AFUNDACIÓN
O 17 de decembro, 1º e 2º asisten a un espectáculo no teatro.



Noraboa! GANADORES CONCURSO FARO DE VIGO



CONCURSO OUTONO LITERARIO

1º PREMIO

Xoel Alonso Salgueiro
(5º curso)

2º PREMIO

Hugo Fernández Abalde
(2º curso)

3º PREMIO

Sara Gómez Alonso
(6º curso)

CONCURSO POSTAIS

1º PREMIO: André Do Souto (4º curso) e David Portela (2º curso)

PÁXINAS WEB DE INTERESE:

- <http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>
- <http://www.culturageneral.net/>
- <http://biblioavaladares.blogspot.com.es/>
- <http://www.wikipedia.es/>
- <http://www.tudecideseninternet.es>



OS EQUIPOS DE BIBLIOTECA E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA AGRADECENLLE A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA (FAMILIAS, PROFESORADO...) A SÚA COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE TODAS ESTAS ACTIVIDADES, SEN A CAL NON PODERÍAN LEVARSE A CABO